



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
ABANCA E XUNTA XERAL DE CONFRARÍAS E HERMANDADES DA SEMANA SANTA
DE FERROL PARA A CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA 2018**

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

Pola outra, César Carreño Yáñez, presidente da **Xunta xeral de Confrarías e Hermandades da Semana Santa de Ferrol** (a Xunta xeral en adiante), no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren no artigo 22.5 dos Estatutos da dita asociación aprobados o 15 de decembro de 2014.

E doutra, D. Lino Comesaña Calvo, con NIF 36.041.545-Q, en nome e representación de **ABANCA Corporación Bancaria, S.A.**, en adiante ABANCA, con domicilio social na cidade de Betanzos, A Coruña, rúa Cantón Claudino Pita, nº2, na súa calidade de Director de Negocio Institucional en Galicia, Asturias y León, de acordo coa escritura autorizada polo notario D. José Piñeiro Prieto, o día 4 de xaneiro de 2010.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas



EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta Xeral é unha corporación pública colexiada, con personalidade xurídica propia que actúa como órgano de coordinación de todas as Irmandades e Confrarías de Semana Santa.

Dentro da súa función xeral encamiñada ao cumprimento dos fins relixiosos e eclesiais, esta entidade ten entre os seus fins concretos o desenvolvemento das accións conducentes á celebración do Semana Santa.

A Semana Santa de Ferrol é o conxunto de actos de conmemoración da Paixón de Cristo, esta festa foi declarada de interese turístico nacional no ano 1995 e de **interese turístico internacional** no ano 2014. Nesta celebración fúndense moitos séculos de historia e conta cunha gran participación popular.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

No exercicio destas funcións, a Axencia está interesada en apoiar á entidade no desenvolvemento da festa indicada no punto anterior por ser unha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística galega vinculada ás festas de interese turístico, como medida de promoción e fomento do turismo para o impulso da mellora económica do sector. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a Xunta Xeral arriba indicada a entidade organizadora deste evento.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer

directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto.- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

En virtude do exposto, e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol para o apoio á celebración da Semana Santa 2018. Este evento considérase un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que esta teña unha incidencia directa na divulgación da oferta turística galega, vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país, impulsando así a mellora económica do sector.

O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 50.000,00 € que se distribúe do seguinte xeito:



CONCEPTO	ORZAMENTO
Reportaxe fotográfico Semana Santa	2.200 €
Revista Ecce Homo (maquetación)	2.650 €
Procesionario (maquetación)	1.805 €
Cartel (maquetación)	540 €
Distribución de revistas, carteis e procesionarios	3500 €
Concertos Promoción Semana Santa Ferrol	10.000 €
Publicidade aeroportos e estacións Tren	2.855 €
Diseño APP	6.600 €
Campaña turística Autobuses	1936 €
Pingota (prensa)	2.000€
Iris producciones	4.600€
Moscofly	4.000€
Persoas xordas	283,50€
Transporte revista	350 €
Retransmisión Procesiones	6.000 €
Merchandising	680,50 €
Total	50.000 €

Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, *Axudas a festas de interese turístico* cunha achega de 40.000€ dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2018. Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta da Xunta Xeral a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio. (A achega da Axencia, 40.000€, fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do orzamento estimado, aos efectos do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro).



Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor da Xunta Xeral, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen no período comprendido **a partir do 1 de xaneiro de 2018**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola Xunta Xeral, o cal deberá ser acreditado por esta coa xustificación do convenio.

Cuarta.- Compromiso das partes

1. A Xunta Xeral, como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e

incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

- Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

- En relación á colaboración con ABANCA, incorporar o distintivo corporativo desta entidade nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia. Este distintivo deberá incluírse en calquera soporte publicitario que faga promoción da festa por parte da Organización, ocupando unha porcentaxe dun 2% como espazo mínimo en ditos soportes publicitarios, extremo que será comprobado pola entidade ABANCA. Así mesmo, deberá remitir ao correo electrónico galiciaenfestas@abanca.com, previa a produción dos soportes publicitarios, unha mostra da aplicación do distintivo da entidade



nos soportes. ABANCA validará a aplicación da súa marca e remitirá un xustificante que o acredite.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

3. **ABANCA** colaborará nas accións descritas cunha achega de 10.000.-€

Esta axuda ten o carácter de "axuda de minimis" exenta en aplicación do *Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo a aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis (DOUE 24.12.2013, L352/1)*

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima.- Xustificación da subvención e pagamento

I.- A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

//ABANCA



e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve, que conterá a seguinte documentación:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.

b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago. No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do provedor.

c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.

f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

3) Certificación bancaria de titularidade da conta na que se deba realizar o pagamento.

A Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol ademais deberá presentar:



- Declaración sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (artigo 6.1 do regulamento de minimis)
- Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.
- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a "Marca Turística de Galicia".

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **15 de xullo de 2018**.

Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación. Así, e de conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, só deberá ser reintegrada (ou, no seu caso, minorada a achega da Axencia) unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no



orçamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

II.- A achega de ABANCA será pagada directamente por esta á Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol, unha vez que esta remita a dita entidade o detalle dos soportes publicitarios. Para tramitar a colaboración de ABANCA, a Xunta Xeral deberá remitirle á dirección galiciaenfestas@abanca.com a seguinte documentación:

- Solicitud de abono en formato pdf. (Anexo 1)
- Memoria en formato pdf na que se amosen fotografías dos soportes publicitarios onde se aplicou a marca ABANCA.
- Xustificante emitido por ABANCA, antes da celebración da festa, no que valide a aplicación do seu distintivo nos soportes publicitarios.

Oitava.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2018, conforme ao artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% da subvención concedida, o que supón un importe máximo de 20.000,00 €, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Coa solicitude de anticipo, a Xunta Xeral terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.



Así mesmo poderanse realizar **pagamentos a conta** conforme ao artigo 62 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe establecida nesta cláusula e ata a porcentaxe establecida nesta cláusula.

Para proceder ao seu pagamento, a Xunta Xeral deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula anterior respecto das actuacións executadas. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Conforme ao artigo 65.4.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia quedan exonerados da constitución de garantía os pagos acumulados anticipados e/ou a conta que non superen os 18.000 €. No caso de superar esta contía a entidade deberá constituír unha garantía do 110% do importe pagado como anticipo ou a conta calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria de acordo co establecido no artigo 67.3.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Xunta Xeral deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por seis persoas, dous representantes por cada unha das



entidades asinantes, ostentando a presidencia un dos representantes da Axencia Turismo de Galicia.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

Undécima.- Modificacións do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Décimo segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.



- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.



Asemade, procederáse á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo quinta.- Consentimento para a publicidade de datos persoais

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Décimo sexta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o **31 de decembro de 2018**.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

A directora de Turismo de Galicia

María Nava Castro Domínguez

Por ABANCA

O Director de Negocio Institucional en Galicia, Asturias e León

Lino Comesaña Calvo

Pola Xunta xeral de
Confrarías e Hermandades da
Semana Santa de Ferrol

O Presidente

D. César Carreño Yáñez



ANEXO 1:

INSTRUCCIÓN: Cubrir o documento, con firma e selo e remitir en pdf a galiciaenfestas@abanca.com, xunto con:

- Memoria acreditativa da aplicación da marca ABANCA en todos os soportes publicitarios producidos con motivo da festa (formato pdf)
- Xustificante da validación previa de ABANCA á aplicación do seu distintivo/logotipo en todos os soportes publicitarios.

MODELO DE SOLICITUDE DE ABONO

Nome da persoa que asina o escrito, cargo que ocupa e entidade á que pertence
Exemplo: Alfonso Villares Bermúdez, alcalde da Xunta Xeral de Cervo, Lugo

Visto o protocolo de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria SA con CIF A-70302039 e o [NOME Da Xunta Xeral/ENTIDADE], con [CIF], para a celebración de [NOME DA FESTA], no que recolle unha colaboración por importe de [IMPORTE RECOLLIDO NO CONVENIO] €.

Visto que xa se remitiu tanto a Axencia Turismo de Galicia como Abanca:

- Memoria acreditativa da aplicación da marca ABANCA en todos os soportes publicitarios producidos con motivo da festa (formato pdf)
- Xustificante da validación previa de ABANCA á aplicación do seu distintivo/logotipo en todos os soportes publicitarios.

SOLICITO,

O ingreso do patrocinio recollido no protocolo de colaboración na conta que o [NOME Da Xunta Xeral/ENTIDADE] ten aberta en Abanca número: ESXX- 2080- XXXX -XXXX- XXXX-XXXX

Firma, selo e data